



CONVOCATORIA E ORDE DO DÍA 1ª REUNIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA DE FACULTATIVO/A VETERINARIO/A DO SERVIZO DE DIAGNÓSTICO POR IMAXE

ACTA Nº 1. Constitución da comisión

En Lugo, o venres día 7 de novembro de 2025, ás 9:00 horas, na Sala de Reunións do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), reúnese a Comisión de Selección para a provisión dun posto de Facultativo/a Veterinario/a do Servizo de Diagnóstico por Imaxe, por convocatoria remitida pola Secretaría da Comisión seguindo as instrucións da Presidencia.

ASISTENTES:

- Presidente: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.
- Secretaria: María Luisa Suárez Rey, xefa de Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora titular de Universidade.
- Vogal: Mónica Vila Pastor, xefa de Servizo de Diagnóstico por Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora asociada da Universidade de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Comisión de Selección
2. Lista de admitidos/as
3. Declaración dos membros de non estar incursos en ningún dos motivos de abstención recollidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
4. Inicio dos traballos da comisión.
5. Acordo sobre a convocatoria das probas da fase oposición.
6. Rogos e preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.- Constitución do Tribunal de Selección.

O presidente do tribunal, segundo o establecido nas bases da convocatoria e comprobando que están presentes todos os membros, declara validamente constituído o Tribunal de Selección

2.- Lista de admitidos/as

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de alegacións a lista provisional, o tribunal toma en consideración a lista de admitidos/as e excluídos/as facilitada pola Xerencia, non habendo persoas excluídas

María Lizcano González

DNI *****685P



3.- Declaración dos membros de non estar incursos en ningún dos motivos de abstención recollidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Todos os membros do tribunal declaran non ter causa de abstención con respecto á aspirante.

4.- Inicio dos traballos da comisión.

A Comisión acorda reunirse con posterioridade para a valoración dos méritos achegados pola candidata.

De conformidade coas bases da convocatoria, a Comisión acorda que a valoración se realizará sobre os méritos alegados na fase de concurso e acreditados mediante proba documental (copias dos certificados e títulos xustificativos dos méritos alegados no currículo, en formato PDF).

En relación co criterio “Nota media do expediente académico de Veterinaria”, ao existir unha única candidata, non procede aplicar a proporcionalidade establecida nas bases (“atribuírase a puntuación máxima á mellor nota, atribuíndo ao resto de notas puntuación de modo proporcional á nota máxima”), dado que non existen outros expedientes cos que efectuar comparación. En consecuencia, a Comisión acorda asignar a puntuación correspondente á nota media obtida pola candidata, valorada segundo o seu mérito individual e conforme á documentación acreditativa presentada.

A valoración da formación -tanto impartida como recibida- efectuarase, segundo o previsto na convocatoria, únicamente sobre os cursos de formación relacionados coa praza e impartidos por centros ou organismos oficiais, ou aqueles que estean debidamente homologados.

En relación coa experiencia laboral, valoraranse exclusivamente meses completos de traballo, sempre que a documentación presentada permita deducir con claridade o tipo de servizos prestados, así como as datas de inicio e remate dos mesmos.

5.- Acordo sobre a convocatoria das probas da fase oposición.

A Comisión acorda que o primeiro exercicio da fase de oposición se desenvolverá o día 10 de novembro de 2025, ás 16:00 horas, na Biblioteca do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC).

Este **primeiro exercicio** consistirá nun **cuestionario por escrito de 60 preguntas tipo test**, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas, das cales só unha será correcta, correspondentes ao bloque de coñecementos que figura no programa da proba selectiva recollido no anexo II. Cada pregunta correcta terá un valor de 0,5 puntos; por cada tres respostas incorrectas restarase 0,5 puntos. A puntuación máxima do exercicio será de 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 12,5 puntos para superalo. O tempo máximo de realización será de 60 minutos. O exercicio facilitaráselles aos aspirantes en lingua castelá.

Os resultado desta proba comunicaranse ás 17:30 horas do mesmo día, co fin de poder proceder ao desenvolvemento do exercicio seguinte. A Comisión adxunta á presente acta a proposta do exercicio tipo test, xunto co modelo de respostas correctas.

A Comisión acorda que o **segundo exercicio, de carácter práctico**, se realizará o mesmo día, ás 18:00 horas, tamén na Biblioteca do HVU-RC. Este exercicio consistirá na resolución dun caso práctico proposto pola Comisión e relacionado cos contidos do programa recollido no anexo II, no cal a aspirante deberá demostrar as súas capacidades para o desempeño das funcións correspondentes ao posto.

A Comisión diseña e anexa a esta acta a rúbrica de avaliación correspondente a esta proba práctica. A puntuación máxima será igualmente de 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 12,5 puntos para superalo. O tempo máximo de realización será de 45 minutos, e o exercicio facilitaráselles aos aspirantes en lingua castelá.



ROF CODINA
FUNDACIÓN

6.- Rogos e preguntas.

Non hai intervencións neste punto.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 9.45 horas.

Antonio González Cantalapiedra

Presidente

María Luisa Suárez Rey

Secretaria

Mónica Vila Pastor

Vogal



RUBRICA CASO CLINICO

Interpretación dos estudos de imaxe

Nivel	Criterio
Deficiente	Non interpreta os estudos ou realiza interpretacións incorrectas.
Regular	Interpreta parcialmente os estudos de imaxe, sen integrar todos os compoñentes anatómicos ou patolóxicos.
Bo	Realiza unha interpretación global correcta, con razoamento lóxico pero con limitación na profundidade diagnóstica.
Excelente	Interpreta de forma completa, precisa e razoada os achados en radiografía, ecografía, TC ou RM, integrándoos co contexto clínico e diferencial.

Correlación diagnóstico-terapéutica e recomendacións

Nivel	Criterio
Deficiente	Non establece ningunha correlación nin recomendación baseada na imaxe.
Regular	Propón recomendacións incompletas ou non baseadas nos achados observados.
Bo	Propón recomendacións diagnósticas ou terapéuticas coherentes cos achados, pero sen priorización nin referencia á evidencia.
Excelente	Propón recomendacións diagnósticas e/ou terapéuticas precisas, priorizadas, baseadas na evidencia e adaptadas ao contexto clínico e técnico.

Redacción e uso da linguaxe médico-radiolóxica

Nivel	Criterio
Deficiente	Redacción desordeada, con erros ortográficos e terminoloxía inapropiada.
Regular	Redacción aceptable, con orde parcial e terminoloxía correcta pero imprecisa.
Bo	Redacción clara e ordenada, con uso adecuado de terminoloxía radiolóxica e estruturación lóxica do informe.
Excelente	Redacción precisa, coherente e profesional, con excelente uso da terminoloxía médico-radiolóxica e estilo propio dun informe diagnóstico veterinario.